

I. DISPOSICIONES XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12192 *Lei orgánica 4/2012, do 28 de setembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira son pezas clave para a confianza na economía e resultan fundamentais para impulsar o crecemento e a creación de emprego. Por iso, co fin de dotar da máxima credibilidade a política de estabilidade orzamentaria, en setembro de 2011 reformouse o artigo 135 da Constitución española. Nesta reforma introduciuse unha regra fiscal que limita o déficit público de carácter estrutural e limita a débeda pública ao valor de referencia do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Para dar pleno cumprimento ao mandato constitucional, aprobouse a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, con tres obxectivos fundamentais: garantir a sustentabilidade financeira de todas as administracións públicas; fortalecer a confianza na estabilidade da economía española e reforzar o compromiso de España coa Unión Europea en materia de estabilidade orzamentaria.

A aprobación daquela lei orgánica supuxo un fito ao incorporar a sustentabilidade financeira como principio reitor da actuación económico-financiera de todas as administracións públicas, tanto do Estado coma das comunidades autónomas, corporacións locais e Seguridade Social.

Neste sentido, o Goberno puxo en marcha varias medidas de apoio ao financiamento das comunidades autónomas e entidades locais, como os anticipos de tesouraría dos recursos do sistema de financiamento, a denominada liña ICO-Comunidades autónomas ou o Plan de pagamento a provedores, sempre complementados coa debida condicionalidade fiscal e financeira. Estes mecanismos están contribuíndo a aliviar as fortes restricións de acceso ao crédito que están a sufrir as administracións públicas e, ao mesmo tempo, facilítalles poder atender as súas necesidades de financiamento a cambio de reforzar os seus compromisos coa consolidación fiscal.

A instrumentación destas medidas require algúns cambios na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, pois afectouse a distribución da débeda pública entre administracións, o que exige unha aclaración sobre a forma en que computa esta nova débeda para os efectos dos límites establecidos na Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Así mesmo, ante a persistencia da situación financeira que motivou a introdución destas medidas adicionais de financiamento, faise necesario dotar de maior flexibilidade o límite temporal establecido para a súa aplicación. Para iso, inclúese unha modificación da disposición adicional primeira da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, en que se habilita a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos a prorrogar estes prazos.

Do mesmo xeito, a presente lei orgánica introduce algunhas modificacións dirixidas a intensificar a disciplina fiscal e financeira das administracións territoriais, ampliando as

súas obrigas de información, especialmente sobre a súa situación de tesouraría, e reforza as garantías para atender os seus vencementos de débeda.

A presente lei consta dun artigo único que modifica a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha disposición adicional única e dúas disposicións derradeiras.

No artigo único modifícase a disposición adicional primeira da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira co fin de poder prorrogar, mediante acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, os prazos para acceder aos mecanismos extraordinarios de liquidez.

Nese mesmo artigo prevese como novidade que as comunidades autónomas que participen nos mecanismos extraordinarios de liquidez deban remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas información cunha periodicidade mensual, en lugar de trimestralmente como se establecía anteriormente.

Igualmente, as administracións autonómicas participantes en novos mecanismos de apoio á liquidez que se poidan pór en marcha deberán cumprir con obrigas de información adicionais ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre a execución dos seus plans de axuste. Entre esta nova información que deben remitir inclúese: información actualizada do plan de tesouraría, adecuación do plan de axuste á realidade, valoración do risco de incumprimento dos obxectivos comprometidos, análise das desviacións e propostas de modificación do plan de axuste. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá solicitar toda a información que resulte relevante para realizar o seguimento dos plans de axuste.

Engádesse unha nova disposición adicional á Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira relativa ao cumprimento do pagamento dos vencementos da débeda financeira. Nela establécese que todas as administracións públicas deberán dispor de plans de tesouraría que poñan de manifesto a súa capacidade para atender o pagamento dos vencementos de débedas financeiras. Esta maior información complementábase co reforzo das garantías do pagamento dos vencementos de débeda. Para iso, considerarase que unha situación de risco de incumprimento destes pagamentos atenta gravemente contra o interese xeral, polo que se procederá de conformidade co disposto no artigo 26 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Por outra parte, en consonancia coa posibilidade de prorrogar os mecanismos extraordinarios de liquidez a exercicios posteriores a 2012, modifícase a disposición transitoria cuarta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A disposición adicional única concreta como se deben aplicar os criterios de distribución do volume de débeda pública das administracións públicas para os efectos da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Por último, as disposicións derradeiras establecen a habilitación ao Goberno e ao ministro de Facenda e Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, para ditaren as disposicións e adoptaren as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución da presente lei, así como a inmediata entrada en vigor da reforma.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, queda modificada nos seguintes termos:

Un. A disposición adicional primeira queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional primeira. *Mecanismos adicionais de financiamento para as comunidades autónomas e corporacións locais.*

1. As comunidades autónomas e corporacións locais que lle soliciten ao Estado o acceso a medidas extraordinarias de apoio á liquidez, ou o soliciten

durante 2012, virán obrigadas a acordar co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas un plan de axuste que garanta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública. Mediante acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos poderanse prorrogar estes prazos atendendo ás dificultades de acceso aos mercados financeiros que teñan as comunidades autónomas e corporacións locais ou outras circunstancias socioeconómicas que determinen a necesidade de prorrogar de forma extraordinaria as citadas medidas.

2. O acceso a estes mecanismos virá precedido da aceptación pola comunidade autónoma ou a corporación local de condicións particulares en materia de seguimento e remisión de información e daquelas outras condicións que se determinen nas disposicións ou acordos que dispoñan a posta en marcha dos mecanismos, así como da adopción de medidas de axuste extraordinarias, se é o caso, para alcanzar os obxectivos de estabilidade orzamentaria, os límites de débeda pública e as obrigas de pagamento a provedores incluídas na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

3. O plan de axuste será público e incluírá un calendario preciso de aprobación, posta en marcha e supervisión das medidas acordadas. O cumprimento do calendario establecido determinará o desembolso por tramos da axuda financeira establecida.

4. Durante a vixencia do plan de axuste, a Administración responsable deberá remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, para xeral coñecemento, información cunha periodicidade trimestral sobre os seguintes aspectos:

- a) Avais públicos recibidos e operacións ou liñas de crédito contratadas, identificando a entidade, o total do crédito dispoñible e o crédito disposto.
- b) Débeda comercial contraída clasificada pola súa antigüidade e o seu vencemento. Igualmente, incluírase información dos contratos subscritos con entidades de crédito para facilitar o pagamento a provedores.
- c) Operacións con derivados.
- d) Calquera outro pasivo contingente.

5. A falta de remisión, a valoración desfavorable ou o incumprimento do plan de axuste por parte dunha comunidade autónoma ou corporación local dará lugar á aplicación das medidas coercitivas dos artigos 25 e 26 previstas para o incumprimento do plan económico-financieiro.

6. As corporacións locais deberán presentar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con periodicidade anual un informe do interventor sobre a execución dos plans de axuste.

No caso das entidades locais incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberase presentar o informe anterior con periodicidade trimestral.

As comunidades autónomas deberán enviar a información prevista no número 4 con periodicidade mensual, a través da súa Intervención Xeral ou unidade equivalente e, adicionalmente, deberán presentarlle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a información actualizada sobre a execución do seu plan de axuste relativa polo menos aos seguintes elementos:

- a) Execución orzamentaria mensual dos capítulos de gastos e ingresos.
- b) Adecuación á realidade do plan de axuste e valoración das medidas en curso.
- c) Valoración dos riscos a curto e medio prazo en relación co cumprimento dos obxectivos que se pretenden coa aplicación do plan de axuste. En particular, analizaranse as previsións de liquidez e as necesidades de endebedamento.
- d) Análise das desviacións que se produciron na execución do plan de axuste.

e) Recomendacións, se é o caso, de modificación do plan de axuste co obxectivo de cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

f) Información actualizada do seu plan de tesouraría.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas será competente para realizar o seguimento dos plans de axuste, para o cal poderá solicitar toda a información que resulte relevante, e informará o Ministerio de Economía e Competitividade do resultado da dita valoración. Coa finalidade de garantir o reembolso das cantidades derivadas das operacións de endebedamento concertadas, en función do risco que derive dos informes de seguimento dos plans de axuste ou do grao de cumprimento das condicións a que fai referencia o número 2, poderá acordar o seu sometemento a actuacións de control por parte da Intervención Xeral da Administración do Estado, co contido e alcance que esta determine. Para realizar as actuacións de control, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá solicitar a colaboración doutros órganos públicos e, no caso de actuacións de control en comunidades autónomas, concertar convenios coas súas intervencións xerais.

No caso de actuacións de control en corporacións locais, a Intervención Xeral da Administración do Estado poderá contar coa colaboración de empresas privadas de auditoría, que se deberán axustar ás normas e instrucións que aquela determine. O financiamento necesario para estas actuacións realizarase con cargo aos mesmos fondos que se utilicen para dotar as medidas extraordinarias de apoio á liquidez».

Dous. Engádesse unha nova disposición adicional cuarta co seguinte contido:

«Disposición adicional cuarta. *Cumprimento do pagamento dos vencementos de débedas financeiras.*

1. As administracións públicas deberán dispor de plans de tesouraría que poñan de manifesto a súa capacidade para atender o pagamento dos vencementos de débedas financeiras, con especial previsión dos pagamentos de xuros e capital da débeda pública.

2. A situación de risco de incumprimento do pagamento dos vencementos de débeda financeira, apreciada polo Goberno por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, considérase que atenta gravemente contra o interese xeral, procedéndose de conformidade co disposto no artigo 26».

Tres. A disposición transitoria cuarta queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria cuarta. *Exclusión do ámbito de aplicación do número 2 do artigo 8 da lei.*

Os mecanismos adicionais de financiamento que habilítase ou habilite o Estado de conformidade co previsto na disposición adicional primeira, co fin de que as comunidades autónomas e as corporacións locais fagan fronte ás obrigas pendentes de pagamento cos seus provedores para financiar os seus vencementos de débeda ou para dotar de liquidez as comunidades autónomas, quedarán excluídos do ámbito de aplicación do número 2 do artigo 8 desta lei».

Disposición adicional única. *Instrumentación do principio de sustentabilidade financeira para as comunidades autónomas e corporacións locais que se adhiran aos mecanismos adicionais de financiamento da disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.*

Para os efectos do cumprimento dos límites de endebedamento a que se refire o parágrafo segundo do artigo 13.1 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade

orzamentaria e sustentabilidade financeira, terase en conta que o incremento do volume de débeda que se poida producir na Administración central, de acordo co protocolo sobre procedemento de déficit excesivo, como consecuencia das operacións de endebedamento que realice ou realizase o Estado co fin de desenvolver os mecanismos adicionais de financiamento, se computará, respectivamente, nas comunidades autónomas e corporacións locais na contía equivalente ás cantidades percibidas polas ditas administracións con cargo a aqueles mecanismos.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Habílitase o Goberno e mais o ministro de Facenda e Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, para ditaren as disposicións e adoptaren as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Aos plans de axuste que fosen aprobados con anterioridade á entrada en vigor desta lei durante o exercicio 2012 tamén lles será de aplicación o previsto nesta lei.

Polo tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 28 de setembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
MARIANO RAJOY BREY